



Por que innovar?

Hai que unir as capacidades de diferentes persoas e non ter medo de crear novas iniciativas, sumando a experiencia de varios profesionais; traballar moito e aos poucos os resultados florecerán.

Orientarse a solucionar as necesidades dos clientes de forma eficiente, revisando a forma de facer as cousas e adaptándose aos cambios constantemente. **A innovación é a panca para exportar aos mercados internacionais.** Se se fan as cousas ben e trabállase ben, os resultados chegan. **Non hai que ter medo á innovación nin tampouco á exportación.** En Indupanel apostamos pola investigación e o deseño constante que permita un desenvolvemento continuo de novos produtos e que amplíen o horizonte de solucións aos clientes.



Todo o que hai que saber sobre innovación está nos nosos cadernos, bota un vistazo.



Coñece outras historias de éxito da innovación galega protagonizadas por pemes.

Contacta con nós para poñer en marcha o voso propio proceso innovador.

Programa de impulso á innovación nas pemes

Área de Servizos

Axencia Galega de Innovación

981 957 300

gain@xunta.gal

Rúa Airas Nunes s/n

15702 – Santiago de Compostela

gain@xunta.gal



<http://gain.xunta.gal>



PROGRAMA
**IMPULSO
Á INNOVACIÓN**
nas Pemes

Indupanel

“Non hai que ter medo a empezar de cero,”

Indupanel nace no ano 2000 da man de tres novos profesionais, Antonio Rey, Eva Balado e Fernando Borrazás, con experiencia na fabricación de paneis de aluminio e PVC. Arrincan a súa empresa con moita ilusión e **moito traballo**, superando o medo, día a día, do que comporta montar unha empresa desde cero. **Uniron as súas forzas e capacidades en vendas, produción e administración** para empuxar a súa iniciativa empresarial. Empezaron comercializando produtos xa existentes no mercado e ao cabo de tan só dous anos innovaron en novos deseños e materiais para a fabricación de portas principais para vivendas.





INDUPANEL


Innovar en diseño, materiais e tecnoloxía

NOME: INDUPANEL

LOCALIZACIÓN: CERCEDA, A CORUÑA

INICIO ACTIVIDADE: 2000

SECTOR: FABRICACIÓN DE PANEIS DE ALUMINIO E PVC



A súa primeira etapa empezou na localidade coruñesa de Carballo. Alí, nunha primeira nave, empezaron a producir os primeiros paneis de aluminio e PVC. Nesta primeira e difícil etapa, tal e como explica Antonio Rey, un dos tres fundadores, "Custounos moitísimo ao principio, pero os tres somos moi traballadores e puxemos todo o noso empeño, e os clientes confiaron en nós".

Enseguida, os tres novos déronse conta de que para seguir avanzando e subsistir tiñan que ofrecer un **produto diferente**, con valor engadido, ao mercado. Se facían o mesmo que as grandes empresas, non tiñan futuro. Así, en pouco tempo, empezaron a deseñar

novos produtos, con novos materiais, e, a través dunha actualización nos seus catálogos e a súa web, a comercializar unha nova colección de portas para diferenciarse da competencia.

Así nace Indupanel, como unha empresa de carácter innovador para competir coas grandes empresas existentes. Este camiño da innovación foi dando os seus froitos e aos poucos foron escalando as barreiras de entrada ao mercado español e a outros mercados.

En 2009 o continuo crecemento da empresa levounos a trasladarse ao Polígono O Acevedo, en Cerceda, a unhas novas e modernas instalacións, con amplitude e capacidade suficiente para o desenvolvemento de novos produtos e

“Para exportar tes que ter algo innovador en deseño, tecnoloxía, materiais e un bo catálogo.”



o aumento no volume de traballo.

En Indupanel, a innovación e a exportación van moi ligadas. Segundo Antonio Rey "para exportar tes que ter algo innovador en deseño, tecnoloxía, materiais e un bo catálogo para que os clientes valoren a primeira vista que ofrecas un produto innovador de alta calidade. Así superas a primeira barreira de entrada dun posible cliente, cando se fai a pregunta de por qué comprar a Indupanel se xa teño un proveedor".

Indupanel aposta pola innovación e a tecnoloxía na súa proposta de valor ao mercado. Hoxe en día, é a primeira fábrica de paneis a nivel nacional, e a terceira a nivel europeo, onde expandiu a súa presenza en mercados como Francia, Portugal, Bélxica, Gran Bretaña e Ale-

maña, ademais de Centro América e Emiratos Árabes.

Indupanel conta cun persoal próximo aos cen empregados e unha superficie total de 15.000 m². Antonio Rey destaca que se non se dispón dun bo equipo "non hai innovación que valla". Así é como os fundadores consideran de esencial **construír unha empresa onde o talento e o traballo en equipo son elementos indispensables** para seguir polo camiño da innovación.

Co obxectivo de crear unha solución ás necesidades dos clientes que combinase deseño e alta seguridade para as portas principais das vivendas, en 2020, Indupanel lanzou o seu sistema de porta completa DOORBLOCK. Este novo produto inclúe todos os elemen-

tos da porta (folla, perfís, accesorios, fechaduras, etc.), fabricado industrialmente de forma eficiente, como un produto final de alta gama ao servizo dos seus clientes.

Coidando ao máximo a cadea de valor e o proceso de produción conséguense os resultados que sitúan a INDUPANEL como líder no mercado despois de 20 anos, desde a recepción dun pedido do cliente ata a fabricación final do produto. A elección de materias primas de calidade unida á capacidade de contar con recursos tanto humanos como tecnolóxicos son as claves para ofrecer, de maneira rápida e eficiente, un produto final innovador.